2º) Estableza as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Cree un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/04/2018 11:09**  
**Nº Rexistro: 29370**  
Data envío: 13/04/2018 11:09:35.253



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2018 11:04:48**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/04/2018 11:04:56**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/04/2018 11:05:08**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.4      29758(10/PNP-002185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego

*Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/04/2018 09:30  
Nº Rexistro: 29758  
Data envío: 19/04/2018 19:07:42.527

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen distintas plataformas en VOSG.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) o Parlamento galego situou como un dos eixos prioritarios da acción de goberno en materia de normalización dos usos da lingua galega os medios de comunicación e as industrias culturais.

Neste senso, prevé a adopción de medidas encamiñadas a garantir o acceso á produción audiovisual galega e en galego mais tamén a aqueloutra estranxeira posibilitando a súa dobraxe ou subtulado á lingua propia do país.

Nos últimos anos, as novas tecnoloxías, teñen mudado moito o consumo de produtos cinematográficos e audiovisuais e o xurdimento de novos espazos de distribución tamén teñen aumentado a oferta.

Así, plataformas como Netflix ou Movistar+ son espazos nos que cada vez un maior número de persoas no noso país accede a series e filmes que na súa grande maioría fan parte da produción de países anglosaxóns.

Gobernos como o vasco ou o catalán levan anos a facilitar subtítulos a estas canles e plataformas co obxectivo de promover o acceso da poboación a estes contidos en VOS. Tanto é así, que é o galego a única lingua que non pode ser seleccionada o que supón unha vulneración dos dereitos lingüísticos de galegas e galegos mais tamén unha oportunidade perdida, ou non explorada, para gañar novos espazos de uso (de grande prestixio) para o idioma propio do país, especialmente dirixidos á xente moza.

En Euskadi, o Departamento de Cultura e Política Lingüística do Goberno vasco, puxo a disposición da cidadanía e dos axentes culturais os subtítulos en euskera de filmes e series de ficción producidas en linguas estranxeiras a través da Open Data Euskadi e ten asinado acordos con Movistar+ (2016) ou Canal+ (2014) para ofrecer os seus contidos audiovisuais en VOS.

Pola súa banda, Netflix comezou en 2016 a ofrecer filmes dobrados ao catalán sumándose a outros provedores que xa o viñan facendo con anterioridade como Yomvi, Filmin, AppleTV e Canal+ grazas á colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Adoptar as medidas necesarias para garantir unha oferta ampla de subtítulos en lingua galega á que poder acceder persoas a título individual, entidades ou salas de cinema.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/04/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 29758**  
Data envío: 19/04/2018 19:07:42.527

2. Dirixirse ás principais canles e provedores (especialmente Netflix e Movistar+) para que incorporen entre a súa oferta a versión orixinal subtitulada en galego (VOSG).”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 19:06:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 19:06:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 19:06:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 19:06:40**

3



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/04/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 29758**  
Data envío: 19/04/2018 19:07:42.527

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 19:06:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 19:06:42**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.5    29964(10/PNP-002203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303

*Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018*



### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

A autovía do Barbanza, obra licitada no seu día pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda cando era titular o Presidente Núñez Feijóo, supuxo un enorme cambio para Ribeira en relación coas súas comunicacións por estrada, achegándoa ao eixo atlántico de comunicacións que conforma a AP-9 e o ferrocarril de alta velocidade.

Xa dende a posta en servizo da anterior vía rápida o fluxo de entrada do tráfico en Ribeira cargouse sobre a AC-550, que converxe no centro urbano coa AC-305, que se ben se liberou da súa función de canalizar o tráfico de longo percorrido pero aínda mantén un fluxo importante de vehículos.

Unha das prioridades do actual goberno galego en materia de infraestrutura, reflectida no programa electoral co que este partido obtivo a confianza maioritaria dos galegos no ano 2016, é o desenvolvemento das variantes urbanas coa finalidade de *'mellorar a seguridade viaria daqueles núcleos urbanos cruzados por unha estrada principal e xerar unha mellora da mobilidade na rede secundaria de estradas'*.

Nese sentido, cómpre agora impulsar unha actuación que remate de conformar o sistema viario de Ribeira, permitindo circunvalar o núcleo de Santa Uxía, mellorar os

accesos ás zonas que están máis afastadas do viario principal, ata chegar á estrada DP-7307 que pola costa comunica con Aguiño. É dicir, unha nova variante para Ribeira.

En 2017 anunciouse un posible trazado, pero cómpre concretalo a través do desenvolvemento do correspondente proxecto, de modo que se poida avanzar para materializalo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Avanzar na tramitación dunha nova variante de Ribeira entre a glorieta do final da autovía do Barbanza AG-11 e a DP-7303, de modo que se poida definir o trazado e os terreos necesarios e se asegure a futura execución das obras.
2. Licitar antes do verán deste 2018 a redacción do proxecto de trazado da variante de Ribeira.”

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/04/2018 18:12:14**

**Martín Fernández Prado na data 24/04/2018 18:12:23**

**Carlos Enrique López Crespo na data 24/04/2018 18:12:30**

**Jaime Castiñeira Broz na data 24/04/2018 18:12:38**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/04/2018 18:12:47**

**Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2018 18:13:02**



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/04/2018 18:14  
Nº Rexistro: 29964  
Data envío: 24/04/2018 18:14:46.842**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 24/04/2018 18:13:12**

**Gonzalo Trenor López na data 24/04/2018 18:13:24**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/04/2018 18:13:34**

**Diego Calvo Pouso na data 24/04/2018 18:13:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.6      30345(10/PNP-002243)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia

*Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que “a lingua propia de Galicia é o galego” e que “os poderes públicos (...) potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

De acordo coa Constitución Española e co Estatuto de Autonomía de Galicia, para a normalización do galego como lingua propia do noso País, apróbase a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, pola cal o galego, “lingua propia de Galicia” é “lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”, establecendo a obriga para a Administración de garantir, ao remate dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, un coñecemento da lingua por parte do alumnado “nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán”.

O artigo 13 de dita lei sinala que “os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna”.

En Galiza, cos datos do CIS de 2016, o galego é a lingua materna do 44,7% das persoas maiores de idade, fronte ao 30,7% que teñen como lingua inicial o castelán ou o 23,6% que consideran ambas como lingua materna. Sen embargo, se se ten en conta á poboación entre 5 e 65 anos, a lingua inicial maioritaria empeza a ser o castelán (38% fronte ao 34% do galego e o 28 % de ambas), que é



tamén o idioma que emprega habitualmente unha maior proporción nesta ampla franxa de idade.

A última Enquisa sobre uso do galego do IGE, de 2013, sinala que só o 18,35% das crianzas entre 5 e 14 anos aprenderon a falar só en galego, facéndoo o 31,46% nas dúas linguas oficiais. Estes datos supoñen un acelerado descenso (de 14 puntos) a respecto dos datos da mesma fonte no ano 2003, cando o 32,43% das crianzas aprenderan a falar en galego, o 20,48% nas dúas linguas.

O Seminario de Sociolingüística da RAG, con motivo do Día Internacional da Lingua Materna, 21 de febreiro de 2018, difundiu o estudo *Lingua e Sociedade en Galicia, Resumo de resultados 1992-2016*, no que alerta da "crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos." Analizando as tendencias, a conclusión é que está en risco a transmisión interxeracional do galego, pois o estudo sinala que as xeracións máis novas están xa protagonizando "un proceso acelerado de monolingüización en castelán, a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos."

Este traballo académico tamén sinala que a ruptura xeracional no uso da lingua non ten que ver tanto con decisións familiares, senón con "aspectos relacionados coa súa escasa presenza na socialización secundaria", como é a escola, ámbito no que se está a reducir a presenza do galego.

No informe da Mesa pola Normalización Lingüística, *A Lingua Galega na Educación Infantil de Galiza, de 2 a 6 anos, curso 2016/2017*, reflíctese que o 76% dos centros de Educación Infantil do medio urbano as clases son maioritariamente ou exclusivamente en castelán, mentres que só o 19% intenta equiparar o uso de ambos idiomas e só un 8,5% usa maioritariamente a lingua



galega. Ademais, o 38,7% exclúen o galego totalmente das súas aulas. En dito estudo tamén se constata a escasísima existencia de materiais educativos en galego neste período infantil.

A escola inflúe relativamente na elección ou mantemento da lingua galega cando o status que ten a lingua propia de Galicia é de subordinación ao castelán en múltiples ámbitos, como os medios de comunicación, o comercio ou o entretemento. Esta condición do galego como lingua minorizada leva a situacións de diglosia.

Segundo o IGE, á pregunta sobre a lingua empregada por nais e pais para relacionarse con fillos e fillas, só o 18,52% indicaba que falaban sempre en galego, fronte ao 33,03% que o facía en 2003. Falarlle a fillos e fillas só en castelán é xa o comportamento lingüístico maioritario entre a poboación galega (38,5%).

Todos os datos sobre uso do galego na infancia varían en relación ao seu ámbito territorial, sexa urbano ou rural, constatando que na poboación urbana o galego como lingua inicial sofre un acusado retroceso (as persoas que aprenderon a falar en galego nas cidades de máis de 50.000 habitantes son o 23,94% ).

O estudo de linguas distintas á materna dende o ensino infantil é fundamental para o coñecemento de idiomas, polo que a mellor garantía para que as persoas falantes de castelán acaden competencias lingüísticas en galego ao remate da ensinanza obrigatoria é comezar o contacto co galego entre os 0 a 3 anos. En moitos ámbitos urbanos, a única vía para contactar co galego por parte de menores de 3 anos é a escola.



En Galicia non existe unha rede pública de escolas infantís dependente directamente da Xunta, ademais de que a dotación de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos ten unha distribución irregular no territorio. Ademais do carácter de servizo de conciliación que ten o ensino de 0 a 3 anos, as estatísticas demostran que a escolarización temperá mellora o rendemento académico futuro e que se constitúe como un factor básico de equidade para compensar desigualdades de partida, contribuíndo a mellorar o éxito escolar.

En Galiza, no caso das crianzas falantes de galego, non se está a posibilitar o cumprimento do dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna. Ademais, este dereito debe conxugarse co dereito de coñecer e usar o galego, cuestión que tampouco se garante no caso das crianzas falantes de castelán.

Distintos estudos sinalan que as crianzas que teñen como lingua familiar a lingua de prestixio na sociedade non teñen problemas coa escolarización predominante en linguas distintas da materna, obtendo beneficios e melloras lingüísticas tanto na lingua escolar como na materna; en cambio as crianzas que teñen como lingua materna a minorizada, se son escolarizadas plena ou maioritariamente na lingua de prestixio poden sufrir consecuencias negativas a nivel de aprendizaxe e afectivo, sobre todo nas etapas nas que aínda non teñen afianzadas as súas competencias lingüísticas.

O Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece os requisitos xerais que deben ter os centros de atención á infancia (escolas infantís, puntos de atención á infancia e espazos infantís), entre os cales non se contempla nada relativo á lingua. No que respecta ás escolas infantís, entre os seus requisitos específicos está que deben adaptar o seu funcionamento a un proxecto educativo que incluírá “o tratamento lingüístico do centro que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades





dos/as nenos/as nas dúas linguas oficiais de Galicia para o seu emprego como vehículo de comunicación”.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Desenvolver unha rede pública autonómica de escolas infantís de 0 a 3 anos, integradas na Consellería de Educación, nas que se garanta o desenvolvemento das capacidades das crianzas nas dúas linguas oficiais de Galicia, garantindo tanto o dereito das crianzas a ser escolarizadas na lingua materna como a promoción do uso normal da lingua galega.
- Presentar ante o Parlamento de Galicia, antes de final do ano 2018, un estudo pormenorizado sobre a situación da planificación lingüística nos centros de atención á infancia de Galicia.
- Promover a edición de material educativo e lúdico en lingua galega e promover a adquisición do mesmo por parte de todos os centros de atención á infancia.
- Fomentar o uso do galego nos Puntos de Atención á Infancia municipais, nos espazos infantís, nas escolas infantís de iniciativa privada e nas Casas Niño.
- Impulsar, en colaboración cos Concellos, a promoción de proxectos de educación familiar para fomentar a socialización da infancia en galego e apoiar as iniciativas existentes.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/05/2018 11:12**  
**Nº Rexistro: 30345**  
Data envío: 03/05/2018 11:12:06.745



Asdo.: Paula Vázquez Veroa  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 03/05/2018 10:40:32**

**Luis Villares Naveira na data 03/05/2018 10:40:37**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.7      30400(10/PNP-002251)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 12 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado

*Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Magdalena Barahona Martín, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que se van adoptar para a salvagarda do Centro Galego de Bos Aires.

### Exposición de motivos

A Superintendencia dos Servizos de Saúde do Goberno de Arxentina, mediante Resolución nº 259/2018, da conta dos sucesos ocorridos, e así:

1.- En primeiro lugar, sinala a existencia do Recurso de alzada interposto polo Centro Galego de Bos Aires- Mutualidade-Cultura e Acción Social contra a Resolución nº 850/15- Superintendencia Servizos de Saúde, que modificaba os Estatutos da Obra Social dos Inmigrantes Españois e os seus descendentes residentes na República Arxentina e no que a Mutualidade se incorporaba a OSPAÑA.

2.- En segundo lugar, o Centro Galego de Bos Aires-Mutualidade-Cultura e Acción Social deixaba de participar no desenvolvemento da Obra Social OSPAÑA, e atopábase, no ano 2015, baixo a intervención do CPN Carlos La Blunda, e gardaba silencio á petición de reforma dos estatutos invocada polo Axente do Seguro de Saúde.



Mediante esta resolución 259/2018 constátase que o Centro Galego de Bos Aires- Mutualidade-Cultura e Acción Social non tivera acceso á reforma dos estatutos pretendida pola Obra Social dos Inmigrantes Españois e descendentes residentes na República Arxentina (OSPAÑA).

A Obra Social OSPAÑA solicitou que caducase a instancia e foille denegado.

Doutra banda, o Centro Galego de Bos Aires pediu que se deixase sen efecto a resolución nº 850/2015 e todo o contido nela:

-Deixar sen efecto a reforma dos Estatutos de OSPAÑA.

-Revogación do mandato de Julio Martínez Fernández e os outros representantes da entidade en OSPAÑA.

-Petición de expresa sanción á xunta directiva da Obra Social e todo elo con copia ao INAES e ao xulgado de primeira Instancia nº 54, a fin de designar interventor da entidade.

O Ministerio de Saúde resolveu sobre o recurso de alzada presentado polo CGBA, deixando sen efecto a resolución 850/2015, que ademais terá que nomear os seus representantes nos órganos de dirección e fiscalización da Obra social OSPAÑA.

O organismo de control Superintendencia de Servizos de Saúde  sinala que non designa as autoridades dos Axentes do Seguro de Saúde, senón que se limita a recoñecer os órganos de condución e fiscalización electos, polo que a intervención xudicial do Centro Galego de Bos Aires designará representantes en OSPAÑA (no sitio do Martínez Fernández, ademais do suplente e do revisor de contas) recoñecéndose desde o seu nomeamento ata 14 de marzo do 2019, no que expiran o resto de autoridades do Axente de Seguro de Saúde.

A petición do Centro Galego de Bos Aires- Mutualidade- Cultura e Acción Social cursouse ca anulación da reforma dos estatutos de OSPAÑA, esa reforma



na que se substituíu a participación do mesmo no consello directivo pola Mutual de Inmigrantes Españois e descendentes na República Arxentina. Así, con esta Resolución, que anula e deixa sen efecto a reforma dos estatutos da Obra Social OSPAÑA, devólvese ao Centro Galego de Bos Aires o seu lugar na directiva de OSPAÑA.

Nunha visita realizada a Arxentina nestes días polo Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, Rodríguez Miranda, ratificou o compromiso do Goberno da Xunta de velar pola preservación do patrimonio artístico e cultural do Centro Galego de Bos Aires no caso de que non chegasen a bo porto as negociacións para a venda da entidade á sociedade que conforman Ribera Saúde (española) e Fundació Favaloro (arxentina).

Isto da lugar a un fío de esperanza na salvación da crise da entidade CGBA. Despois de ver como camiións desartellaban o propio centro, baleirando os arquivos e espoliando o que con tanto esmero e dedicación fixeron desde o ano 1907 as persoas galegas emigradas.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado español para de xeito conveniado:

- 1.- Prestar asistencia sanitaria á emigración galega en Arxentina a través da mutualidade Centro Galego de Bos Aires.
- 2.- Acordar mediante a sinatura dun convenio coas autoridades arxentinas a posibilidade de mercar o Centro, previa quita no pasivo, permitindo unha xestión compartida entre os representantes da mutualidade e os representantes da compra.
- 3.- Xestionar o patrimonio cultural, histórico e artístico de forma conxunta se se da a compra polo Goberno do Estado español do inmovible, permitindo o acceso



ao conxunto de obras existentes, con expresa protección das mesmas en dito CGBA.

4.- Tomar aquelas medidas tendentes a garantir o bo funcionamento dos órganos da Obra Social OSPAÑA, nomeando os representantes que correspondan.

5.- Garantir a preservación da obra e do legado conservado no Centro Galego de Bos Aires.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/05/2018 16:45:59**

**Luca Chao Pérez na data 03/05/2018 16:46:08**

**Luis Villares Naveira na data 03/05/2018 16:46:15**

**Antón Sánchez García na data 03/05/2018 16:46:23**

**Carmen Santos Queiruga na data 03/05/2018 16:46:30**

**Paula Vázquez Verao na data 03/05/2018 16:46:36**

**Eva Solla Fernández na data 03/05/2018 16:46:39**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/05/2018 17:17  
**Nº Rexistro: 30400**  
Data envío: 03/05/2018 17:17:15.329



**Paula Quinteiro Araújo na data 03/05/2018 16:46:50**

**Magdalena Barahona Martín na data 03/05/2018 16:46:56**

**José Manuel Lago Peñas na data 03/05/2018 16:47:03**

**Francisco Casal Vidal na data 03/05/2018 16:47:16**

**David Rodríguez Estévez na data 03/05/2018 16:47:22**

**Marcos Cal Ogando na data 03/05/2018 16:47:28**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.8      30468(10/PNP-002256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais

*Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/05/2018 18:29  
Nº Rexistro: 30468  
Data envío: 03/05/2018 18:29:50.017

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Coruña existe un vivo e intenso debate en relación co futuro do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina e Hotel Finisterre até os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego. Trátase sen dúbida dun asunto relevante que condiciona o modelo de cidade e hipoteca a xestión do borde litoral durante décadas.

Este debate iníciase en 2004, coa sinatura dun Convenio que hipotecaba o futuro da cidade, ao vincular o financiamento do porto exterior da Coruña coa venda dos peiraos e determinando os usos que estes terreos tiñan que ter no planeamento municipal. É evidente que este convenio quería blindar unha operación urbanística especulativa e constitúe unha discriminación a Galiza, pois mentres outros portos son financiados a cargos dos orzamentos do estado, no caso da Coruña quere facerse caixa coa venda de patrimonio público. É evidente que a situación política e social mudou e non pode impoñerse un modelo que claramente foi deslexitimado polos veciños e veciñas da Coruña.

É evidente que unha decisión, que condiciona o modelo da cidade da Coruña non pode facerse de costas á cidadanía e de maneira unilateral por parte de institucións



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/05/2018 18:29  
Nº Rexistro: 30468

Data envío: 03/05/2018 18:29:50.017

en mans do PP. Porén, o “Protocolo de actuación” asinado entre Fomento, Xunta, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña (APAC) vai precisamente nesa equivocada dirección e non pode servir como punto de partido por ser unha vergoña e un latrocinio para a cidade da Coruña.

Desde o BNG consideramos que este Protocolo consolida un modelo especulativo fracasado que aposta pola construción de milleiros de vivendas e centros comerciais nunha cidade na que hai milleiros de vivendas baleiras e cunha evidente saturación de grandes superficies comerciais, e demostra tamén até que punto chega a subordinación do señor Feixóo ao Goberno do Estado, que está disposto a sacrificar os intereses dos e das coruñesas nunha cuestión de tanta relevancia como é a súa fachada portuaria.

Os terreos que hoxe ocupan as instalacións portuarias son propiedade da cidade da Coruña, que os cedeu ao Porto para o seu desenvolvemento en beneficio da cidade. Así que, como é obvio en calquera democracia avanzada, eses terreos no momento en que deixen de ser de uso portuario, teñen que reverter ao seu lexítimo propietario: a cidade da Coruña sen custe de ningún tipo.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei pleno:

1. O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar a sinatura dun novo convenio entre Concello da Coruña, Xunta de Galiza, Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria da Coruña para que o estado asuma o compromiso de asumir o custe íntegro da débedas da Autoridade Portuaria da



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/05/2018 18:29  
Nº Rexistro: 30468  
Data envío: 03/05/2018 18:29:50.017

Coruña pola construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións.

2. O Parlamento de Galiza acorda como resolución reclamar que os peiraos de peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, así como os terreos da Solaina e Hotel Finisterre, sexan devoltos á cidade da Coruña por parte do Estado, paralizando as poxas e venda destes bens públicos, e garantindo que estes espazos serán destinados a fins sociais, paralizando o uso especulativo e a construción masiva de máis vivendas e centros comerciais.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/05/2018 18:29**  
**Nº Rexistro: 30468**

Data envío: 03/05/2018 18:29:50.017

**María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 18:29:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 18:29:29**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 18:29:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 18:29:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 18:29:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 18:29:34**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 22.05.2018 Hora: 10:00  
Orde do día

4. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.1      2127(10/INT-000085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos, das persoas galegas emigradas

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No pasado Debate de Investidura do 8 de novembro o presidente da Xunta de Galicia afirmou no seu discurso que unha das súas prioridades de goberno en materia de emigración sería facilitar o retorno dos que tiveron que emigrar a causa da crise económica nestes últimos anos. Sinalou logo que as actuacións para favorecer o retorno tamén se dirixirían aos descendentes dos emigrantes, a intentar atraer aos galegos de segunda e terceira xeración que están residindo nos países onde tradicionalmente emigraron os galegos. Consideraba no seu discurso o Sr. Núñez Feijoo que o fomento do retorno axudaría a reverter a caída demográfica que afecta, intensamente, a Galicia. A volta destes galegos da Arxentina, Uruguay, de Cuba ou Venezuela axudará tamén a revitalizar a nosa sociedade e a encher Galicia de sangue nova que nos impulse na década que vén, dixo euforicamente, o Sr. Feijoo.

Mais a realidade, o día a día, de moitos dos emigrantes galegos retornados é ben distinta, é palmariamente oposta ás grandilocuentes intencións do Sr. presidente. As distintas plataformas e asociacións que agrupan e defenden os dereitos, e anhelos, dos galegos emigrados que retornan ou que pretenden retornar, veñen expresando e manifestando publicamente a falta de apoio e sensibilidade suficiente para coas súas necesidades. Esta problemática loxicamente afecta máis a aqueles emigrantes que menos formación e recursos teñen, sendo a idade avanzada tamén un obstáculo para poder reaccionar ante os atrancos cos que se atopan. Situación que se ten necesariamente agravado no actual período de crise, non só económica se non tamén social, de dereitos.



Basta con mencionar toda unha serie de problemas que está a denunciar a emigración retornada para ser conscientes de que os dereitos e necesidades dos galegos que poden regresar a Galicia están atendidos de forma moi insuficiente. E si isto é así, non menos grave son as perspectivas dos que durante esta crise teñen saído a outros países en busca de mellores oportunidades. O escenario que se lles ofrece por parte dos gobernos central e autonómico non permite precisamente pensar no retorno.

- As persistentes campañas da Axencia Tributaria esixindo a regularización retroactiva no IRPF das pensións cobradas nos países nos que emigraron, sen dar cumprimento ademais a reiteradas sentenzas que observan posibles casos de dobre imposición en virtude de convenios bilaterais.

- Os recortes de dereitos de asistencia sanitaria provocados polo Real decreto 16/2012 que ten rachado co principio de universalidade do sistema.

- Os problemas de acceso a residencias no caso das persoas de maior idade necesitadas, ou a tramitación de axudas vinculadas á Lei de dependencia.

- A situación dos emigrantes galegos retornados de Venezuela que están sen percibir as pensións que lles corresponde daquel país en virtude do correspondente convenio bilateral e que fai que en moitos casos o INSS retire os complementos e mínimos (a pesar das sentenzas do Social que se están a ditar) ou se dificulte o acceso a servizos de emerxencia social.

- E un caso paradigmático desta falta real de sensibilidade coa emigración retornada ou, como insistimos, que quereda retornar; a inacción do Goberno para resolver con Noruega a devolución das taxas indebidamente cobradas a gran cantidade de mariñeiros galegos que se embarcaban en mercantes daquel país entre os anos 60 e 90.

Os emigrantes galegos, tanto os que retornan como os que permanecen nos seus países de acollida non son cidadáns galegos de segunda, nin sanitaria, nin socialmente. Son suxeitos de deberes pero tamén de plenos dereitos. As políticas dirixidas á nosa emigración deben, ademais de enfocarse coa necesaria



**Grupo Parlamentario**

sensibilidade, estar coordinadas para que o feito de emigrar, xa de por si unha carga, non supoña un menoscabo dos seus dereitos cidadáns.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Se ademais pretendemos que retornen os mozos que nestes anos de crise teñen conformado unha nova vaga de emigración, as políticas que se desenvolvan teñen non só que garantir unha equiparación de dereitos, senón ofertar verdadeiras oportunidades de emprego, vivenda e sanidade, en definitiva, un elenco de dereitos que facilite a volta a quen queira regresar á súa terra.

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

Cal é a estratexia do Goberno galego durante este novo mandato, para fomentar o retorno das persoas emigrantes galegas en plenitude de dereitos?

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/12/2016 12:09:30**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2016 12:09:44**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/12/2016 12:09:52**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/12/2016 12:09:57**

**Julio Torrado Quintela na data 07/12/2016 12:10:04**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2016 12:10:14**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.2      3070(10/INT-000105)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación das urxencias no Sergas

*Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Interpelación relativa á situación das urxencias no SERGAS**:

A situación de saturacións nos servizos de urxencias dos diferentes hospitais da rede pública é de sobra coñecida pola opinión pública e cada vez máis frecuente nos nosos centros.

Precisamente, ese incremento da frecuencia ten sido denunciada en múltiples ocasións polas traballadoras e traballadores, polas centrais sindicais e polos colectivos de defensa da Sanidade Pública.

O persoal presente nos servizos quédase curto a meirande parte do ano e os reforzos puntuais son escasos e non resolven o problema global. Un problema que ten a súa orixe non só na situación das propias urxencias, se non na situación dos hospitais e do total do sistema público. As amortizacións de prazas e reducións de pranteis de sanitarias e sanitarios ten significado a perda de calidade asistencial en determinados servizos, pero sobre de todo, a imposibilidade de asumira mesma carga de traballo.

Esta situación crónica fai que cando se produce un pico dalgunha enfermidade infecciosa ou un incremento significativo da asistencia por un problema determinado, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso ou saturación dos servizos, tal e coma ten acontecido nas últimas semanas.

O pico do gripe foi anunciado con previsión por parte do Ministerio, segundo os datos da OMS e, polo tanto, coñecía-se a estimación das súas datas. Sen embargo, este non se acompañou cun incremento dos recursos necesarios por parte da Consellería de Sanidade, coñecedora da situación previa dos centros, xa necesitados de máis persoal.

A aplicación do Plan de Continxencia parece estar sendo insuficiente e non está mellorando o global das saturacións dos servizos.

Por todos estes feitos, **En Marea interpela para coñecer:**

- 1.- Se a Xunta ten valorado a necesidade de mellorar os pranteis de traballadoras e traballadores nos centros públicos galegos coa fin de reducir as saturacións nos servizos de Urxencias.
- 2.- Se non considera a Xunta de Galicia que se ten cronificado unha espera nos servizos de urxencias pouco axeitada.
- 3.- Se non considera a Xunta de Galicia que se ten incrementado de xeito elevado a carga de traballo nos servizos de urxencias.
- 4.- O prazo de tempo que, de media, considera a Xunta de Galicia é aceptable agardar pola primeira atención da médica ou médico de urxencias dende a entrada pola porta; E o prazo de tempo que considera aceptable de permanencia nun servizo de urxencias dende a entrada ata o ingreso en planta para unha persoa que o teña prescrito.
- 5.- Cando tivo a Xunta coñecemento da previsión do pico do gripe; E se a Xunta de Galicia considera suficientes os efectivos profesionais incrementados para atender este incremento da demanda.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/01/2017 13:34  
Nº Rexistro: 3070  
Data envío: 09/01/2017 13:34:30.861



6.- Se foron incrementados os efectivos profesionais nos laboratorios dos hospitais públicos e nos servizos de radioloxía e imaxe.

7.- Se foron incrementados os efectivos profesionais en atención primaria e nos PAC.

8.- Cales son as medidas a curto, medio e longo prazo que tomará a Xunta de Galicia para atallar esta situación.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 09/01/2017 13:33:57**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 22.05.2018                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.3      30455(10/INT-001007)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección  
do patrimonio cultural do Camiño de Santiago

*Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

O Camiño de Santiago é moito máis que un reclamo turístico, é un patrimonio cultural de inmenso valor que esixe o máximo respecto e a maior protección institucional, tanto pola súa relevancia histórica e artística como polo efecto que ten no desenvolvemento socioeconómico e na propia identidade dos territorios que atravesamos.

Son moitos os recoñecementos que subliñan a súa importancia. Xa no ano 1987 o Camiño Francés, que percorren preto do 70% das persoas que acoden peregrinando a Santiago, foi recoñecido como o primeiro itinerario cultural europeo. Seis anos máis tarde, a ruta pasou a formar parte da Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO. Dita lista foi ampliada no ano 1998 coa ruta polo territorio francés. No ano 2004, o papel do Camiño tecendo un espazo común foi galardoado co Premio Príncipe de Asturias da Concordia.

Nada disto parece importarlle o máis mínimo ao Goberno da Xunta, que leva moitos anos banalizando o Camiño de Santiago e apostando por políticas que só inciden na súa explotación turística. O Partido Popular concibe o Camiño como un xigantesco parque de atraccións con motivos relixiosos que comeza en Francia e remata na nosa terra. O seu contido cultural, artístico, histórico... ou ben se lle escapa, ou ben non lle importa o suficiente.





Os sucesivos danos patrimoniais que, por acción u omisión, consentiu a Xunta de Galicia, levou a que no ano 2010 o Comité Internacional de Itinerarios Culturais solicitase ao Comité Internacional executivo do ICOMOS (o Consello Internacional de Monumentos e Sitios) que se incluíse o Camiño de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo. Entre as agresións destacadas, cabe citar as seguintes:

- A construción dun polígono industrial-comercial en O Pino.
- A modificación do itinerario na Castañeda e en Burres, no Concello de Arzúa.
- A aprobación do parque eólico sobre o Monte Oribio, en Lugo.
- O asfaltado de varios tramos do camiño, en Reiriz, Refoxos e Pascais.
